

Dirección da xornada:

Demetrio Á. Fernández López. Presidente do Consello Galego de Relacións Laborais.

Marisa Peña Cebreiro. Secretaria do Consello Galego de Relacións Laborais.

Número de prazas:

Prazas limitadas ata completar o aforo.

Persoas destinatarias:

Organizacións empresariais e sindicais, profesionais da avogacía, do Colexio de Graduados Sociais e a todas as persoas relacionadas coa materia que teñan interese en participar.

Inscricións:

As inscricións, que serán gratuitas, tramitaranse por orde de solicitude, ata completar o aforo, do 15 de setembro ao 30 de setembro de 2016, no Consello Galego de Relacións Laborais.

Diploma:

Entregarase un diploma acreditativo ás persoas participantes que asistan á totalidade da xornada.

XORNADA
“CONCILIACIÓN E
CORRESPONSABILIDADE.
BOAS PRÁCTICAS”

**Información e inscricións:**

Consello Galego de Relacións Laborais
Rúa Algalia de Abaixo, 24
15781 Santiago de Compostela
Tfno. 981 957 489
Fax 981 541 610
e-mail:

maria.isabel.mosquera.bonome@xunta.es



XORNADAS 2016

CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE. BOAS PRÁCTICAS



**Eu non axudo, eu comparto
responsabilidades**

CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE. BOAS PRÁCTICAS

Organiza: Consello Galego de Relacións Laborais

Data: 4 de outubro de 2016.

Lugar: Salón de actos do MUPEGA.
Rúa San Lázaro, 107.
Santiago de Compostela

Martes 4 de outubro de 2016

9.15 Entrega documentación

9.30 Inauguración

9.45 Conferencia: “A actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social para garantir os dereitos de conciliación no ámbito laboral”.

Dna. Beatriz Sueiro Padín

Inspectora de Traballo e da Seguridade Social de Pontevedra.

10.30 Coloquio

10.45 Mesa redonda: “Situación actual e recomendacións en materia de conciliación e corresponsabilidade na negociación colectiva”, a cargo das organizacións sindicais e empresariais máis representativas de Galicia (UGT-Galicia, CIG e SN de CCOO de Galicia e a CEG).

11.45 Coloquio

12.00 Pausa.

12.30 Conferencia: “A xurisprudencia máis recente en materia de conciliación e corresponsabilidade”

D. Fernando Lousada Arochena.

Maxistrado da sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

13.15 Coloquio

13:30 Clausura.

É coñecido que, pese aos logros das últimas décadas, aínda persiste a situación de desigualdade das mulleres. Elas seguen estando en desvantaxe ante o emprego e a realidade cotiá das familias é a repartición desigual de tarefas e responsabilidades entre homes e mulleres. Sería necesario desenvolver un modelo de convivencia familiar e social máis igualitaria e avanzar hacia un novo modelo de relacións laborais sustentado na igualdade de oportunidades e a conciliación, que considere as facetas laboral e familiar como valores esenciais da organización e da xestión das empresas.

Esta reflexión levou á Comisión Consultiva Autónoma para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, adscrita organicamente ao Consello Galego de Relacións Laborais, á organización desta xornada, na que intervirán representantes cualificados da Inspección de Traballo e da Xudicatura, para analizar, respectivamente, os dereitos de conciliación recollidos na lexislación e a súa problemática, xunto coa recente xurisprudencia en materia de conciliación e corresponsabilidade.

Por outra banda, representantes das organizacións sindicais e empresarial, que integran o Consello Galego de Relacións Laborais e a referida Comisión, debatirán sobre a situación actual e formularán recomendacións para fomentar a conciliación e a corresponsabilidade de mulleres e homes na asunción das responsabilidades familiares, posto que son conscentes de que a negociación colectiva é o instrumento adecuado para garantir a efectiva conciliación da vida persoal e laboral das persoas traballadoras, en equilibrio coas necesidades organizativas da empresa. No último informe sobre a situación da negociación colectiva en Galicia, que publica anualmente o Consello, figura que o 96,53% dos convenios asinados en 2014 melloran dalgún xeito os permisos establecidos na lexislación laboral vixente.

Todas estas cuestións serán obxecto de debate nesta xornada, que nace cunha vocación de utilidade pública e de formación e cunha finalidade de posta ao día respecto dun tema que é un dos grandes retos do século XXI: A conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral e a corresponsabilidade para compartir responsabilidades familiares e domésticas entre mulleres e homes.